



DATOS IDENTIFICATIVOS

Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II

Materia	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II			
Código	O04G240V01203			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	del Río Rama, María de la Cruz			
Profesorado	del Río Rama, María de la Cruz Lampón Caride, Jesús Fernando			
Correo-e	delrio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	comprensión dos conceptos relacionados coa Administración de Empresas, Planificación, Organización, Xestión e Control e a súa aplicación a decisións reais. Natureza, contidos e finalidade do traballo dun directivo			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B5	Capacidade de comunicación oral e escrita
B6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C11	Identificar os procesos operativos en empresas turísticas.
C12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal
C13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.
D1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D3	Creatividade
D4	Iniciativa empresarial

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Obter os coñecementos necesarios que lle capaciten para a Xestión Estratéxica (estratexia, produción e aprovisionamento) e Xestión Financeira da empresa Turística	A1	C1 C5	
Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos	A2	B3 C10 C11 C12 C13	
Utilizar os Tics necesarias para o manexo e obtención de información e datos relevantes para a toma de decisións	A3	B1	
Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico	A4 A5	B5 B6 B7 B8	D1 D3 D4

Contidos

Tema

Breve descrición dos contidos: comprensión dos conceptos relacionados coa Administración de Empresas, Planificación, Organización, Xestión e Control e a súa aplicación a decisións reais.

Natureza, contidos e finalidade do traballo dun directivo

PARTE I: A XESTIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS- ESTRATEXIA, PRODUCCIÓN E APROVISIONAMENTO

TEMA 1: A XESTIÓN ESTRATÉXICA DA EMPRESA TURÍSTICA

TEMA 2: A XESTIÓN DA PRODUCCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA

TEMA 3: A XESTIÓN DO APROVISIONAMENTO NA EMPRESA TURÍSTICA

PARTE II: XESTIÓN FINANCEIRA DE EMPRESAS TURÍSTICAS

TEMA 4: FONTES FINANCEIRAS NA EMPRESA TURÍSTICA

TEMA 5: MÉTODOS DE ANÁLISES E SELECCIÓN DE INVESTIMENTOS. APLICACIÓN ÁS EMPRESAS TURÍSTICAS

TEMA 6: ANÁLISE FINANCEIRA, CUSTO DE CAPITAL E RENDIBILIDADE DA EMPRESA TURÍSTICA

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	0	15
Titoría en grupo	3	0	3
Sesión maxistral	29	0	29
Traballos e proxectos	0	27	27
Probas de resposta curta	2	45	47
Probas de tipo test	0	24	24
Estudo de casos/análise de situacións	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada**Metodoloxías** Descrición

Titoría en grupo A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, en pequeno grupo, relacionadas co traballo en grupo e temas vinculados coa materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos e proxectos	Realización dun traballo autónomo en grupo. Elaborarase ao longo de todo o cuadrimestre e presentarse ao final do mesmo.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B5 B6 B7 B8	D1 D3 D4
Probas de resposta curta	Exame final- preguntas teoría e exercicios prácticos.	60	A1	C1 C5 C11 C12 C13	
Probas de tipo test	Avaliación da asimilación de coñecementos.	10	A1	C1 C5 C11 C12 C13	
Estudo de casos/análise de situacións	Realización de casos prácticos ou análises de situacións.	5	A2 A4	B3 B5	C10 C11 C12 C13

Outros comentarios sobre a Avaliación

A

planificación exposta nesta guía docente supón a aplicación dun sistema de avaliación continua, polo que a cualificación

final obtense da avaliación das probas obxectivas periódicas, do traballo tutelado e a realización de un exame final. Probas

de carácter obxectivo: probas de carácter periódico, para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia. Consistirá en: 1.-

A resolución de exercicios breves. 2.-

Resposta a cuestións curtas e/ou de resposta múltiple. 3.-

Traballo tutelado: Consistirá na elaboración en grupo dun traballo, destinado á aplicación dos conceptos

e técnicas da materia de forma autónoma por parte dos estudantes, contando con atención personalizada para

o seu seguimento. O traballo tutelado será entregado en data límite anunciada con suficiente antelación. Exame

Final: consistirá na resolución de exercicios breves (problemas) e/ou resposta a cuestións curtas e/ou de resposta múltiple.

Parte teórica (preguntas curtas e/ou tipo test) (50%) práctica (50%). Será necesario aprobar ambas as partes por separado (5 puntos sobre 10). Para

aprobar a materia é necesario obter polo menos 5 puntos (dun total de 10) pola realización do exame. A

nota final será a suma de ambas as partes, avaliación continua e exame, para realizar a suma deberá terse aprobado o

exame. Nota mínima para aprobar a materia 5. Segunda convocatoria: A

avaliación continua alcanzada durante o cuadrimestre gardarase para as

convocatorias extraordinarias do presentecurso académico. Avaliarase ao alumno coa realización dun exame final que suporá o 60% da nota. O exame constase dunha parte teórica (preguntas curtas e/ou tipo test) (50%) práctica (50%). Será necesario aprobar ambas as partes por separado (5 puntos sobre 10). Alumnos que non seguen avaliación continua: Avaliarase ao alumno cun exame que suporá o 100% da nota. Nota mínima para aprobar un 5. Nota: As datas e os horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da *FCETOU

Bibliografía. Fontes de información

Inmaculada Martín Rojo, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**, Ed. Pirámide,
Eduardo Parra López; Francisco Calero García, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**, Ed. McGraw Hill,
Cristóbal Casanueva Rocha; Julio García del Junco; Francisco Javier Caro González, **Organización y Gestión de Empresas Turísticas**, Editorial Pirámide,
Raquel Arguedas y M^a Teresa Nogueras, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas Turísticas**, Editorial Universitaria Ramón Areces,

Tomarase como libro de referencia: Planificación, Dirección e Xestión Financeira de Empresas Turísticas

Recomendacións
